

XIII CONVOCATORIA PARA AVALIAR A ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (PROGRAMA DOCENTIA) PARA O CURSO ACADÉMICO 2023/24

O Programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado universitario (DOCENTIA) ten como obxectivo principal contribuír á mellora da calidade da docencia e, deste xeito, contribuír á mellora dos resultados de aprendizaxe do estudantado. As institucións de educación superior, polo tanto, deben de contar con procedementos para a valoración do desempeño do seu profesorado, así como para a súa formación e estímulo e así garantir a súa cualificación e competencia docente. A avaliación da actividade docente resulta especialmente relevante para as universidades na medida en que a garantía de calidade dos seus estudos pasa por asegurar non só a cualificación do seu cadro de persoal docente, senón especialmente a calidade da docencia que nelas se imparte.

Na convocatoria do ano 2007, a Universidade da Coruña (UDC), xunto con outras 63 universidades españolas, presentou o Programa Docentia, aprobado no Consello de Goberno nas súas sesións do 18/12/2007 e do 23/07/2008, logo de que a Comisión de Avaliación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) lle outorgase un **INFORME POSITIVO** que lle permitiu comezar coa fase de implantación do seu deseño de avaliación da actividade docente con vistas á súa certificación pola ACSUG.

Como consecuencia disto, desde o curso académico 2008/09 ao 2022/23 a UDC publicou doce convocatorias do Programa Docentia para avaliar a actividade docente do seu profesorado. A partir destes procesos introducíronse novos cambios que levaron a aprobar unha nova edición do manual deste programa na sesión do Consello de Goberno do 30/4/2024.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Para participar na avaliación quinquenal da actividade docente do profesorado da UDC é necesario cumprir cos seguintes requisitos:

- **Ter impartido docencia en cada un dos cinco cursos académicos obxecto de avaliación**, en calquera dos títulos oficiais dos centros propios da UDC ou doutras universidades (neste último caso até un máximo de dous cursos académicos).
- Ter impartido un mínimo de **150 horas** de docencia **neses cinco cursos académicos obxecto de avaliación**.

| Código Seguro De Verificación | 72X3AvCd01mJFKKzjhHHHA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Reitor - Ricardo José Cao Abad | Asinado | 02/05/2024 14:11:42 |
| Observacións | | Páxina | 1/10 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/72X3AvCd01mJFKKzjhHHHA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |





- Ter impartido un mínimo de **30 horas** de docencia **en tres dos cinco cursos académicos obxecto de avaliación**.

De acordo con estes requisitos poderá solicitar a avaliación o seguinte profesorado:

- O que até o momento non fora avaliado neste programa.
- O que ten avaliado desde a I á IX convocatoria algún quinquenio comprendido entre o curso académico 2003/04 e o 2017/18 e que non solicitara, até o momento, unha nova avaliación.
- O que foi avaliado nas anteriores convocatorias e non obtivera unha avaliación positiva, sempre que cumpra co establecido no apartado 3 do *Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC*.

INCOMPATIBILIDADES

En aplicación do que está disposto no artigo 23.2.a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o profesorado que sexa avaliador/a ao presentar a súa solicitude para ser avaliado/a entenderase que renuncia á súa condición de avaliador/a.

PERÍODO QUE SE VAI AVALIAR

Nesta convocatoria avaliarase o quinquenio docente correspondente aos cursos académicos **2018/19 a 2022/23**.

OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN

Os **obxectivos xerais** que se pretenden alcanzar no proceso de avaliación da actividade docente do profesorado da UDC son:

- Recoñecer a importancia da actividade docente do profesorado no conxunto das actividades que este realiza dentro da Universidade.
- Situar a avaliación da actividade docente do profesorado no marco das prácticas ao uso internacionalmente recoñecidas, aliñada cos criterios de garantía de calidade dos títulos universitarios.
- Favorecer o desenvolvemento do profesorado e a súa promoción persoal e profesional, de modo que poida ofrecer un mellor servizo á sociedade.
- Apoiar individualmente o profesorado proporcionándolle evidencias contrastadas sobre a súa actividade docente e a súa posible mellora.
- Favorecer o proceso de toma de decisións relacionadas coa avaliación, que afectan a diferentes elementos na política de profesorado, como o desenvolvemento de plans de formación.
- Contribuír ao necesario cambio cultural nas universidades respecto á avaliación da actividade docente e potenciar o intercambio de experiencias entre as universidades para a mellora continua da dita actividade.

| Código Seguro De Verificación | 72X3AvCd01mJFKKzjhHHHA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Reitor - Ricardo José Cao Abad | Asinado | 02/05/2024 14:11:42 |
| Observacións | | Páxina | 2/10 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/72X3AvCd01mJFKKzjhHHHA= | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



- Favorecer a cultura da calidade aliñando a actividade docente do profesorado cos obxectivos estratéxicos da institución.
- Cumprir cun dos criterios para a acreditación de títulos e que se recolle no deseño dos sistemas de garantía de calidade en cada centro.
- Outros que nun futuro puideren ser de interese para a Universidade.

CONSECUENCIAS DESTA AVALIACIÓN

A UDC, dentro da súa política de profesorado e de mellora dos títulos, declara de xeito explícito que a intención e finalidade con que desenvolve este programa recolle as seguintes consecuencias da avaliación da actividade docente:

- Elaborar un plan formativo para o profesorado que axude a mellorar as súas competencias profesionais. O profesorado que realizar a avaliación terá preferencia para participar no Programa de apoio ao ensino da UDC.
- Utilizar os datos, por parte dos centros para o proceso de seguimento e de renovación da acreditación dos seus títulos e o profesorado, pola súa vez, para os procesos de acreditación, as convocatorias de complementos autonómicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a súa consideración como mérito na concesión de axudas en convocatorias de innovación da UDC.
- Outorgarlle ao profesorado con certificado de excelencia o recoñecemento do/a reitor/a da UDC.
- Valorar a avaliación positiva como mérito para participar como avaliador/a no Programa Docentia
- Valorar a avaliación positiva como mérito específico nos concursos para a provisión de prazas de persoal docente e investigador interino e laboral contratado da UDC, aprobado polo Consello de Goberno do 30/04/2014.
- Incluír os resultados do Programa Docentia como obxectivo no Plan estratéxico da UDC e incorporar este como indicador de obrigado cumprimento nos obxectivos estratéxicos dos centros da UDC.
- Incrementar a transparencia e a información pública da institución mediante a difusión dos resultados da avaliación entre os distintos axentes implicados e especialmente entre o estudantado.
- Deixar patente o compromiso da UDC coa calidade e mellora continua en liña cos criterios marcados pola *European Association for Quality Assurance in Higher Education* (ENQA) e aceptados polas Axencias de calidade.

| Código Seguro De Verificación | 72X3AvCd01mJFKKz jhhhHA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Reitor - Ricardo José Cao Abad | Asinado | 02/05/2024 14:11:42 |
| Observacións | | Páxina | 3/10 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/72X3AvCd01mJFKKz jhhhHA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



PRAZOS DA CONVOCATORIA E FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

Os prazos en que se vai desenvolver a convocatoria figuran no Anexo I.

Para participar no Programa Docentia é necesario cubrir a solicitude na aplicación informática dispoñible no enderezo web:
<https://www.qdsug.es/docentia/udc>

Esta aplicación xerará o impreso de solicitude, para participar no proceso, que se debe presentar na sede electrónica da UDC, dirixido ao reitor da UDC, desde o día **3 ao 15 de maio de 2024**

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A selección do profesorado admitido a esta convocatoria será realizada pola Comisión Interna de Universidade (CIU) constituída por:

Presidente: vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Secretaria: técnica da Unidade Técnica de Calidade (que actuará con voz pero sen voto)

Vogais:

- Vicerreitora de Profesorado
- Adxunta de Organización Académica e Calidade
- Xefa da Unidade Técnica de Calidade
- Coordinadora da Avaliación Docente da UDC
- Cinco docentes:
 - o 1 da rama de Artes e Humanidades
 - o 1 da rama de Ciencias da Saúde
 - o 1 da rama de Ciencias
 - o 1 da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas
 - o 1 da rama de Enxeñaría e Arquitectura
- Dous representantes do estudantado
- Un representante sindical do PDI

A relación de persoas que compoñen a dita Comisión pódese atopar na páxina web da Unidade Técnica de Calidade (UTC)

<https://www.udc.es/gl/utc/docentia/>

ACEPTACIÓN DAS SOLICITUDES

A aceptación ou o rexeitamento motivado da solicitude comunicaráselles ás persoas solicitantes, por correo electrónico, o día 24/05/2024, en que tamén se lles indicará o prazo de reclamación.

| Código Seguro De Verificación | 72X3AvCd01mJFKKzjhHHHA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Reitor - Ricardo José Cao Abad | Asinado | 02/05/2024 14:11:42 |
| Observacións | | Páxina | 4/10 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/72X3AvCd01mJFKKzjhHHHA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |





XORNADA FORMATIVA

O día 29 de maio de 2024 terá lugar a xornada formativa sobre o Programa Docentia dirixida ás persoas admitidas. A dita xornada realizarase a través da plataforma Teams e nesta informarase de todo o proceso de avaliación (incorporación e reclamación de evidencias, elaboración do autoinforme, proceso de avaliación externa etc.).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios e o procedemento de avaliación serán os que están recollidos no *Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC*, aprobado polo Consello de Goberno da UDC na súa sesión do 30/4/2024.

INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA DOCENTIA

As persoas interesadas poden solicitar información por correo electrónico no enderezo docentia@udc.es ou nas extensións telefónicas 1052, 1069, 1046, 2302 e 2303.

O documento íntegro do Programa Docentia está publicado no enderezo web:
<https://www.udc.es/gl/utc/docentia/>

A Coruña, 30 de abril de 2024

O reitor
Ricardo Cao Abad

| Código Seguro De Verificación | 72X3AvCd01mJFKKzjhHHA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Reitor - Ricardo José Cao Abad | Asinado | 02/05/2024 14:11:42 |
| Observacións | | Páxina | 5/10 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/72X3AvCd01mJFKKzjhHHA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



ANEXO I
FASES E PRAZOS EN QUE SE DESENVOLVERÁ A CONVOCATORIA

| | |
|--|--|
| Do 3 ao 15 de maio de 2024 | Presentación da solicitude a través da aplicación informática e entrega desta na sede electrónica da UDC. |
| 24 de maio de 2023 | Comunicación, por correo electrónico, ás persoas solicitantes da aceptación ou do rexeitamento motivado da solicitude presentada onde se lle indicará o prazo de reclamacións. |
| 29 de maio de 2024 | Xornada formativa dirixida ao profesorado que foi admitido |
| Do 29 de maio ao 29 de xuño de 2024 | As persoas admitidas incorporarán, na aplicación informática, as evidencias que figuran no anexo II xunto cos xustificantes correspondentes. |
| Antes do 30 de xuño de 2024 | Fin do prazo en que as persoas admitidas poden presentar, a través da sede electrónica da UDC, a solicitude de emisión de informe do/a decano/a ou director/a dun centro en que non impartiran a maior parte da súa docencia no quinquenio que se avalía, de ser o caso. |
| Do 30 de xuño ao 2 de xullo de 2024 | A UTC incorpóralles ás persoas admitidas, na aplicación informática, as evidencias que figuran no anexo III que sexan da UDC. |
| O 2 de xullo de 2024 | A CIU comunicaralles ás persoas admitidas a incorporación, na aplicación informática, das evidencias que figuran no anexo III . |
| Do 3 ao 24 de xullo de 2024 | As persoas solicitantes revisan as evidencias que lles incorporou a UTC (anexo III) e presentan reclamación, en caso de desconformidade. <i>Tamén terán que incorporar as do anexo III sempre que os datos correspondentes sexan doutra/s universidade/s distinta/s da UDC.</i> O impreso de reclamacións que xera a aplicación informática tense que se remitir ao presidente da CIU a través da sede electrónica da UDC. |
| O 31 de xullo de 2024 | A CIU comunicaralle ás persoas que presentaron reclamación ás evidencias que rematou a súa revisión |
| Do 1 ao 16 de setembro de 2024 | As autoridades académicas cubrirán os informes de cada persoa admitida na aplicación informática. |
| Do 1 de setembro ao 11 de outubro de 2024 | A persoa solicitante cubrirá o autoinforme na aplicación informática. |
| Do 6 de novembro ao 18 de decembro de 2024 | Os comités de avaliación docente (CAD) levan a cabo o proceso de avaliación. |
| O 27 de decembro de 2024 | A CIU enviaralle a cada profesor/a a resolución. En caso de desconformidade coa resolución, o/a profesor/a poderá presentar, a través da sede electrónica da UDC, unha reclamación perante a CIU, no prazo dun mes, que conta a partir do día seguinte a data de envío da dita resolución. |

| | | | |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 72X3AvCd01mJFKKz jhhhHA== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Reitor - Ricardo José Cao Abad | Asinado | 02/05/2024 14:11:42 |
| Observacións | | Páxina | 6/10 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/72X3AvCd01mJFKKz jhhhHA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



ANEXO II

EVIDENCIAS QUE A PERSOA SOLICITANTE TEN QUE INCORPORAR NA APLICACIÓN INFORMÁTICA

- Docencia non recollida no POD da UDC (títulos oficiais de grao ou de mestrado universitario que non se imparten na UDC, títulos propios e Universidade Senior).
- Guías docentes do último curso en que impartiu cada materia
- Participación en comisións doutras institucións relacionadas coa innovación e a organización da docencia universitaria
- Participación en actividades de coordinación docente:
 - Responsable de campus de especialización
 - Profesor/a responsable de titulación
 - Coordinador/a de título (grao, mestrado universitario, doutoramento)
 - Coordinador/a de curso
 - Coordinador/a de mención/especialidade
 - Coordinador/a de módulo
 - Coordinador/a de prácticas de laboratorio
 - Asesor/a de Teleformación de centro
- Participación en programas ou proxectos internacionais de cooperación financiados en convocatorias competitivas (Eramus Mundus, IP, Accompanying measures, Tempus, Grundtving, Jean Monet, Edulink, Alfa, Cooperación con países industrializados, PCI-AECID, outros).
- Actividades desenvolvidas no ámbito das relacións internacionais:
 - Responsable de RRII do centro
 - Titores/as académicos de intercambio
 - Promotor de convenios que conducen a dobres titulacións ou títulos conxuntos (con certificado do secretario/a do centro)
- Organización e participación en:
 - Actividades de reforzo curricular: cursos cero, cursos de nivelación ou similar (con certificado do secretario/a do centro)
 - Actividades de titorización para a materia
- Participación en programas de difusión/divulgación institucionais tales como: programas de difusión das titulacións, programa de recepción de alumnos de ensino medio nos centros, programa de divulgación científica da UDC e

| Código Seguro De Verificación | 72X3AvCd01mJFKKzjhHHA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Reitor - Ricardo José Cao Abad | Asinado | 02/05/2024 14:11:42 |
| Observacións | | Páxina | 7/10 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/72X3AvCd01mJFKKzjhHHA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



programas/**actividades** relacionados coa igualdade, sustentabilidade, vida saudable e atención á diversidade

- Materiais deseñados para o último curso académico en que impartiu cada materia
- Utilización de Moodle/Campus Virtual ou doutras plataformas durante o último curso en que impartiu cada materia
- Publicacións docentes (autoría, edición e/ou avaliación):
 - Libros
 - Manuais
 - Monografías
 - Publicacións de ámbito xeral da disciplina con finalidade docente
- Contribucións a congresos e a xornadas de innovación docente (congresos, xornadas, relatorios etc)
- Premios e/ou recoñecementos de innovación docente (autonómicos, nacionais e/ou internacionais)
- Participación en Grupos e/ou **Proxectos** de Innovación Docente
- Estadías de formación e de mobilidade docente en institucións de educación superior nacionais e/ou estranxeiras
- Participación como alumno/a en **cursos de formación** relacionados coa docencia universitaria (do **Centro de Linguas da UDC, do Servizo de Normalización Lingüística e/ou doutras institucións**) e en **congresos e xornadas de innovación docente** de 10 ou máis horas presencias/virtuais.
- Organización/impartición de **cursos** relacionados coa docencia universitaria (do **Centro de Linguas da UDC, do Servizo de Normalización Lingüística e/ou doutras institucións**) e en **congresos e xornadas de innovación docente** de 10 ou máis horas presencias/virtuais.
- Participación en actividades relacionadas co Bacharelato STEAM.

| Código Seguro De Verificación | 72X3AvCd01mJFKKz jhhhHA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Reitor - Ricardo José Cao Abad | Asinado | 02/05/2024 14:11:42 |
| Observacións | | Páxina | 8/10 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/72X3AvCd01mJFKKz jhhhHA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



ANEXO III

**EVIDENCIAS QUE A UTC VAI INCORPORAR NA APLICACIÓN
(SÓ OS DATOS RELATIVOS A UDC NON AOS DOUTRA/S UNIVERSIDAD/ES)**

- Docencia recollida no POD da UDC
- Participación en tribunais de traballos de fin de grao, fin de mestrado ou proxectos de fin de carreira e de teses de doutoramento.
- Dirección de traballos de fin de grao, fin de mestrado ou proxectos de fin de carreira.
- Participación en órganos colexiados da UDC e/ou comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia.
- Participación na xunta de centro e/ou comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia e coa igualdade, sustentabilidade, vida saudable e atención á diversidade.
- Participación no consello de departamento e/ou comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia
- Docencia en inglés e/ou en galego (só se considera a docencia que consta no POD)
- **Participación en programas de difusión/divulgación institucionais tales como: programas de difusión das titulacións, programa de recepción de alumnos de ensino medio nos centros, programa de divulgación científica da UDC e programas/actividades relacionados coa igualdade, sustentabilidade, vida saudable e atención á diversidade**
- Plan de Acción Titorial (PAT)
- Participación na elaboración de MOOC
- Número de alumnado matriculado/alumnado matriculado de 1.^a matrícula en cada materia.
- Taxa de éxito (alumnado aprobado/presentado) da materia, da titulación da universidade.
- Taxa de rendemento (alumnado aprobado/matriculado) da materia, da titulación, da universidade.
- Taxa de avaliación (alumnado presentado/matriculado) da materia, da titulación, da universidade.
- Teses de doutoramento dirixidas e que foron defendidas publicamente.

| Código Seguro De Verificación | 72X3AvCd01mJFKKzjhHHHA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Reitor - Ricardo José Cao Abad | Asinado | 02/05/2024 14:11:42 |
| Observacións | | Páxina | 9/10 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/72X3AvCd01mJFKKzjhHHHA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |





- Enquisa DA:
 - Dos cursos académicos 2018/19 ao 2021/22 (Ítem 1, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24).
 - Curso académico 2022/23 (Ítem 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13).
- **Organización/impartición e/ou participación como alumno/a en cursos de formación relacionados coa docencia universitaria (Cursos do CUFIE), de 10 ou máis horas presenciais/virtuais**
- Participación en Proxectos de Aprendizaxe e Servizo (ApS)
- **Participación en Grupos e/ou Proxectos de Innovación Docente (GID-UDC)**

| Código Seguro De Verificación | 72X3AvCd01mJFKKz jhhhHA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Reitor - Ricardo José Cao Abad | Asinado | 02/05/2024 14:11:42 |
| Observacións | | Páxina | 10/10 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/72X3AvCd01mJFKKz jhhhHA= | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

